


1 Obxectivos e escenarios da PARTE V..

1.1 Servizo de Routing

- Nesta parte vaise ver fundamentalmente unha implantación básica dos servizos de **DNS** e **DHCP**, tanto en servidores e clientes Windows como Gnu/Linux.
- Pero para ter un escenario igual para todos os participantes no curso e o máis "limpo" e claro posible, no que atinxe á configuración dos adaptadores de rede, vaise introducir o concepto de **routing** ou **enrotamento**.
 - ◆ O routing vaise realizar cunha nova MV Windows server, que dará saída ao exterior as demais MVs dos distintos escenarios. Nesta ocasión vaise facer un routing moi simple e con NAT no lado de internet (WAN).
 - ◆ Na parte V do curso, verase a funcionalidade de routing con Zentyal, pero nesta ocasión con máis funcionalidades.
- Desenvolver a fondo canda un destes servizos, tanto en Windows como GNU/Linux esixiría un espazo de tempo maior e impediría abrir un abano de outras posibilidades a realizar cosa MVs.
- Coma sempre, en cada apartado irase indicando enlaces de referencia, que permitan afondar nos coñecementos destes servizos.

Escenario 4.A: Routing



• Neste escenario 4.A pódese ver como un servidor Windows actúa de router:

♦ **Lado LAN:** ten unha IP que está na mesma rede-IP (172.16.0.0/16) que os demais equipos da LAN.

♦ **Lado WAN:**


◊ Ten unha IP que lle permite conectarse con outro equipo do exterior.

◊ Fai NAT, para que cando un equipo da rede LAN 172.16.0.0/16 desexe saír ao exterior a petición sexa transformada a como se a fixera o propio equipo **Wrouter**.

1.2 Servizo de DNS


- Unha vez montado o escenario anterior, procederáse a configurar o equipo **wserver** como servidor do servizo DNS. *Este equipo xestionará unha zona que se denomina: **wcarpediem.local**.
- O servidor DNS **wserver** realizará o **proceso de recursividade** para aquelas consultas que non poida resolver por el mesmo. Este mecanismo é como está configurado por defecto o servizo recién instalado.
- Os clientes DNS de tódolos equipos (incluído o propio "wserver") terán configurado o **Servidor de DNS primario** coa IP de "wserver". Non se configurará o "Servidor de DNS alternativo".

Escenario 4.B: DNS: Servidor Windows. Recursividad (Servidores Raíz)




- Por outra banda, no seguinte escenario, o servidor de DNS **wserver** realizará o proceso de **reenvío** para dar solución a aquelas consultas que non poida resolver por el mesmo.
- O demais permanecerá igual que no caso anterior.

Escenario 4.D: DNS: Servidor Zentyal. Recursividad (Servidores Raíz)




- E o servidor de Zentyal configurado como reenviador.

Escenario 4.G: Servidor DHCP WINDOWS básico




- Este escenario é un servidor Zentyal instalado cun servizo Básico de DHCP.

Escenario 4.I: Servidor DHCP Zentyal básico



- Pero hai veces nas que interesa que cando un servidor DHCP rexistra ofrece unha configuración IP a un cliente, pois que rexistre no servidor DNS o nome dese cliente e a IP asignada.
- Servidor Windows co servizo DHCP instalado de forma que actualiza os rexistros no servidor DNS.

Escenario 4.H: Servidor DHCP WINDOWS integrado con DNS



- Servidor Zentyal co servicio DHCP instalado de forma que actualiza os registros no servidor DNS.

Escenario 4.J: Servidor DHCP Zentyal integrado con DNS

